


ARTE



Obras do artista valenciano Vicente Fornés Picher expostas no Espacio de Arte do Grupo Correo Gallego

Vicente Fornés: espacio para o voo da mente

O artista valenciano expón na sala de Arte de EL CORREO GALLEGO os seus últimos lenzos, que deben moito á linguaxe empregada por José M^a Iturralde e Rafael Calduch

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

Vicente Fornés Picher (Valencia, 1967) pertence á clase de artista non interesado en plasmar o real, por iso espárese a súa fértil imaxinación por camiños de pura abstracción nos que prima unha sensibilidade espacial. O pigmento e o lenzo son os únicos elementos reais dunha obra que se presenta fortemente tensada, con rugosidades, ordenada en estratos ou loada en texturas.

Este mes o Espacio de Arte de EL CORREO GALLEGO ábrese ás creacións deste artista residente en Compostela e fortemente avalado pola tamén compostelá galería Espacio 48 na que recentemente expuxo.

Na presente mostra ofrécense dúas series claramente diferenciadas. A que reduce a análise cromática a un xogo de luces e sombras produce lenzos en branco e negro tan significativos como os designados co título *SCQ I e II*, respectivamente. A uns a denominación condiceos

directamente á coñecida galería compostelá; a outros, os asiduos ó espacio aéreo e ó propio artista, ditas siglas remiten ás utilizadas pola aviación civil para designar a cidade do Apóstolo.

Esta última aparece ós ollos do observador como cidade soñada precisamente en branco e negro, que é como se ve en soños. Esa negritude non lembra o chapapote senón o acibeche, o material máis emblemático da meta final da ruta xacobea. A cidade defínese como sucada por un signo branco, a modo de petroglifo milenario, similar a un camiño que suca o fondo negro a modo de raio, como esperanza luminosa que cruza a noite en longo peregrinar.

Prodúcese un cruzamento de camiños noutro lenzo, conxugados só na intersección de dúas liñas tanxentes tan universais como as cruces de Tapias. Lonxe de ser marca estática, na mente de Vicente Fornés é signo poético, inscrición lírica coa que de-

signa unha suposta realidade máxica e sabiamente transformada polo artista en busca do absoluto.

O soño e voo da mente de Fornés concretan a visión particular de Santiago a simple traza de caolín sobre grafito; usa para iso a técnica do monotipo con tinta calcográfica.

Na outra serie prima máis a abstracción xeométrica. Pensada desde parámetros constructivos é normal que entre en xogo o cuadrado e a liña recta, trazando divisións paralelas perfectamente medidas en composicións que resultan moi elaboradas gracias á tecnoloxía do ordenador.

Estes últimos lenzos deben moito ó movemento minimalista e á linguaxe diáfana empregada por José M^a Yturralde e Rafael Calduch, ós que considera mestres, e por suposto están na órbita da arte xeométrica valenciana. É de destacar a secuencia formada no tríptico 'RGB', polas

cores rede, green e blue usados en procedementos audiovisuais extraídos das cartas de cor das pantallas do monitor. Series na que o artista experimenta coa cor e co efecto granular da textura, que achega luz e ambiente á composición, desbotando tanto a lisura das superficies anteriores e a súa homoxeneidade por unha maior axitación vibrante que en ningún momento fai desaparecer o efecto lineal.

As liñas coloradas que empregou Lewitt encaixan aquí seguindo o principio de continuidade á vez que tamén se rexeitan nunha dualidade que ante todo achega vida a unha composición que se fai deste xeito enérgica.

O artista valenciano Vivinte Fornés Picher fixo do abstracto o seu élan vital, e do espacio un lugar ideal e vivo que respira na mesma liña globalizadora da non identificación con algunha topografía concreta.

CINE

'Chicago': regresa o espectáculo de Broadway

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO

CHICAGO

Director: Rob Marshall

Intérpretes: Renée Zellweger, Catherine Zeta-Jones e Richard Gere.

Luz, cor, música, jazz, todo é jazz, baile, circo en tres pistas, espectáculo, un grande espectáculo. Isto é *Chicago*. Unha trama sinxela, directa, escasa en diálogos, unicamente a imprescindible para darlle sentido a unha coreografía grandiosa e un ritmo perfecto, empatando un número detrás doutro, envolvendo nun nobelo de fume ó máis puro estilo cabaré, con pingas de leve humor, comedia ácida, drama e cinismo judicial.

Respira o escenario coa axitada e frenética mirada que lle deixou impresa á idea Bob Fosse, nacen as cancións con naturalidade, enguedéllanse os pasos, brincan as pezas da trama: mulleres explotadas, poder da prensa, homes maltratadores, homes submisos, avogados cínicos, corrupción no cárcere, xustiza feita teatro, todo circo en Chicago, na noite, no jazz, onde todo se volve espectáculo, actuación, triunfo, fracaso, armas de muller..., engraxadas nun harmonioso encaixe de escenas, da musical á dramática, unha alumeando á outra, sen sobresaltos, sen confusión posible.

Cada número complementa, anuncia, resolve os conflitos do nó narrativo con dominio e soltura. Cada cambio de ritmo, de coreografía obedece a un plan ben cosido. Aquí demostra o dominio o director Rob Marshall, pois nunca estoxa a música, nunca aburre o baile, nunca se excede para ben do dinamismo narrativo que goberna por completo toda a peza musical.

Están simpáticas e atractivas Renée Zellweger e Catherine Zeta-Jones, e non desentoa en absoluto Richard Gere, e aparece magnífica Queen Latifah, unha Mama Morton tan sensual e viva que canta e mira e desborda por fóra da pantalla. Gracias tamén a espléndida música de Kander, a letra de Ebb e en parte pola lixeira coreografía do mesmo Marshall, realzase o talento vocal e danzante do trío protagónico de Hollywood.

Seguro postulante ós Oscar *Chicago* marca a volta da comedia musical como xénero comercial de Hollywood, tras un dos seus recentes períodos de desaparición das carteleiras. Señoritas e señores: pasen, entren, gocen da música, do baile, da cor, da noite, do jazz, porque así é Chicago: un luminoso espectáculo.

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOSA

CULTURA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Teatro Principal

CENTRO CULTURAL DEPUTACIÓN OURENSE

PAZO DE VILANARÉN

REAL BRASO DE OBERA DEPUTACIÓN OURENSE

escola provincial de danza

XORRADAS FOLCLORE

ORRADOIRO DE INSTRUMENTOS

ESCOLA DE ARTES E OFICIOS

Biblioteca